

4.2.

Pobreza e cohesión social

A crise económica sufrida colocou a España entre os países con maior desigualdade e con maior risco de pobreza relativa da Unión Europea, segundo datos de Eurostat. Galicia, aínda compartindo moitos dos elementos que caracterizan a distribución da renda española, ten unha dinámica propia.

Neste senso, ao longo do presente capítulo tratarase de mostrar as circunstancias particulares que determinan a estrutura da pobreza e cohesión sociais en Galicia, a través de catro grandes apartados onde se presentan os principais indicadores e as prestacións e axudas públicas dispoñibles: a pobreza e a desigualdade social, a dependencia e a discapacidade, o ámbito da familia e a infancia e, en cuarto lugar, aspectos relacionados coa violencia e co maltrato.

Pobreza e cohesión social

Tras doce anos de expansión económica, a situación mudou radicalmente a partir do ano 2007 co impacto da crise económica. Neste senso a desaceleración da actividade

económica traducíuse nun forte descenso do PIB, fortes caídas no emprego con perdas superiores ao 17% do total de ocupados e aumentos de máis de quince puntos na taxa de paro, afectando especialmente aos menores de 25 anos.

O impacto da crise económica sobre os niveis e duración do desemprego, o aumento da precariedade laboral, a redución de rendas e o envellecemento da poboación, especialmente relevante en Galicia, asociado a unhas pensións medias das máis reducidas do Estado, favorece un incremento nos niveis de pobreza e desigualdade social.

O risco de pobreza, exclusión e desigualdade social son variables con múltiples dimensións, que poden ser analizadas e medidas dende moi distintos puntos de vista, neste senso, e a modo de resumo das variables que analizaremos ao longo do presente apartado, o **cadro 4.2.1.** reflicte o carácter multidimensional da pobreza, presentando os valores dos principais indicadores para Galicia e España, así como a

Pobreza en Galicia e España 2013-14: indicadores

		Galicia		España		Ranking (2)	
		2013	2014	2013	2014	2013	2014
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (1)	(%)	24,3	23,8	27,3	29,2	11	12
Taxa de risco de pobreza (1)	(%)	17,2	15,4	20,4	22,2	13	16
Carencia material severa (1)	(%)	4,6	5,5	6,2	7,1	13	11
Fogares con baixa intensidade no traballo (1)	(%)	14,1	14,9	15,7	17,1	10	12
Satisfacción coa vida	(de 0 a 10)	6,1		6,9		19	
Fogares con dificultade para chegar fin de mes	(%)	20,2	21,1	19,8	21,2	9	8
Fogares con moita dificultade para chegar fin de mes	(%)	16,6	20,8	16,9	16,1	8	4
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	(%)	38,5	38,6	41,0	42,4	9	10
Esperanza de vida ao nacer	(idade)	82,9	82,6	82,7	82,9	11	8

(1) datos a 31 decembro

(2) ranking en función do valor, dende o de maior a menor

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do INE e Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

4.2.1.

Rendas medias nas CC.AA. 2013-14 (1)

	2013		2014	
	por fogar	por persoa	por fogar	por persoa
(en €)				
Andalucía	21.332	8.079	20.851	7.942
Aragón	29.120	12.037	30.058	12.427
Asturias	25.623	11.251	25.909	11.427
Baleares	26.923	10.660	27.284	10.828
Canarias	21.539	8.302	22.261	8.640
Cantabria	23.905	9.824	25.282	10.494
Castela-A Mancha	22.271	8.545	21.939	8.498
Castela e León	24.587	10.406	24.838	10.570
Cataluña	30.407	12.205	30.655	12.283
C. Valenciana	22.392	9.144	22.132	9.098
Extremadura	19.364	7.729	21.092	8.469
Galicia	26.001	10.235	25.614	10.212
Madrid	31.587	12.597	31.243	12.534
Murcia	21.269	7.767	21.529	7.924
Navarra	33.047	13.221	32.979	13.300
País Vasco	34.240	14.281	33.053	13.836
A Ríoxa	26.666	11.120	26.604	11.132
Total	26.154	10.391	26.092	10.419

(1) datos a 31 decembro

Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2015). Base 2013

4.2.2.

comparación interautonómica dos mesmos, sinalando a súa situación en relación ás outras CC.AA.


Os ingresos medios das persoas e fogares é unha variable básica da análise da pobreza, neste senso, a diferenza do acontecido no ano anterior, os datos da Enquisa de condicións de vida do INE correspondentes ao ano 2014 (publicados en maio de 2016) reflicten un descenso do ingreso medio anual neto por fogar en Galicia, situándose en

25.614 euros, 478 euros por debaixo da media estatal, e un 1,5% inferior ao rexistrado no ano anterior.

Por outra banda, os ingresos por persoa baixan igualmente para situarse en Galicia nos 10.212 euros, 23 euros menos ao estimado en 2013, sendo igualmente este importe inferior á media estatal (10.419 euros).

Por Comunidades Autónomas, os ingresos medios anuais máis elevados rexistráronse

Fogares con dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes en Galicia e España 2007-14 (1)
(%)



(1) datos a 31 decembro

Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2015). Base 2013

4.2.3.

no País Vasco (13.836 euros por persoa) e os máis baixos en Murcia (7.924). Galicia é a undécima Comunidade con maior ingreso medio anual neto por persoa.

A pesar do descenso da renda media dos fogares, a porcentaxe de fogares que afirman ter dificultades ou moitas dificultades para cubrir os gastos mensuais, diminúe en Galicia ao longo do ano 2014 (ECV 2015). Tal e como se aprecia no **cadro 4.2.3.**, no ano 2014 baixa de xeito moi importante o peso relativo de fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes, que se sitúa no 7,1% fronte ao 20,8% do ano anterior. Na mesma liña, pero con menor intensidade, no conxunto do Estado esta porcentaxe descende ata o 13,7%, dende o 16,1% do ano anterior. Asemade, tanto en Galicia como en España descende a porcentaxe de fogares que afirman atoparse con dificultades, representando en 2014 o 19,3% dos fogares galegos e o 20% dos fogares españois. En conxunto, 26 de cada 100 fogares galegos afirman ter dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes (34 no con-

xunto do Estado), situándose como a sexta Comunidade Autónoma con menor porcentaxe tras País Vasco e Navarra, con porcentaxes en torno ao 19%, Aragón (20,5%), A Rioxa (23,4%) e Castela e León (24,8%).

A organización da poboación en diversas estruturas familiares e a súa relación co mercado de traballo é tamén un indicador do grao de benestar social. No ano 2015, contabilízanse en Galicia aproximadamente 1.081.900 vivendas familiares, das que 32.900 vivendas non dispoñían de ningún perceptor de ingresos, e en 467.300 vivendas só un membro percibía algún ingreso económico (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego).

Despois do descenso no ano 2014, no ano 2015 retómase o crecemento do número de fogares sen perceptores de ingresos, con seiscientos máis que no ano 2014. Nas provincias de A Coruña e Lugo descende en 1.200 o número de fogares sen perceptores, fronte ao incremento en 300 na provincia de Ourense e sobre todo polo notable aumento

Vivendas familiares 2010-15

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Total fogares						
Galicia	1.038,3	1.051,0	1.061,7	1.070,5	1.078,3	1.081,9
A Coruña	433,3	440,3	448,8	449,3	447,2	448,8
Lugo	132,0	134,6	133,5	133,1	137,2	136,5
Ourense	131,6	132,4	133,4	133,3	137,8	136,2
Pontevedra	341,4	343,7	346,1	354,8	356,0	360,4
Fogares sen perceptores de ingresos						
Galicia	19,6	24,2	29,1	33,9	32,3	32,9
A Coruña	9,9	9,9	11,5	14,7	11,4	10,8
Lugo	1,9	2,1	2,8	3,4	3,6	3,0
Ourense	2,3	3,1	3,1	3,8	4,2	4,5
Pontevedra	5,5	9,1	11,8	12,0	13,1	14,5
Fogares cun só perceptor de ingresos						
Galicia	394,6	409,8	422,6	440,3	458,1	467,3
A Coruña	168,4	180,4	185,8	187,8	193,5	194,5
Lugo	47,4	49,3	50,4	51,7	55,9	55,3
Ourense	48,9	49,5	55,0	55,7	61,2	61,2
Pontevedra	129,9	130,6	131,4	145,1	147,5	156,4

Fonte: IGE, EPA

4.2.4.

na provincia de Pontevedra, con 1.400 fogares máis sen perceptores. Na mesma liña, tal e como reflicte o **cadro 4.2.4.**, aumenta en 9.200 o número de fogares cun só perceptor, rexistrándose esta medra nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

En relación á condición de inactivo ou activo dos membros das vivendas familiares, o 31,2% das vivendas familiares non contan en 2015 con ningún membro activo (30,5% no ano 2014). Nas 744.500 vivendas con ao menos un activo, no 11,1% (82.400 fogares) todos os membros activos están parados.


A explotación dos microdatos da *Enquisa de condicións de vida* e da *Enquisa de orzamentos familiares* do INE mostra como a partir do ano 2007, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, a porcentaxe de fogares que debe dedicar máis do 10% dos seus ingresos a gastos enerxéticos da vivenda aumentan intensamente. Así no ano 2012, o 18% dos fogares en Galicia teñen un gasto en enerxía superior ao 10% dos seus ingresos e o 7% non podía manter unha temperatura axeitada na súa vivenda. O incremento no prezo dos subministros bá-

sicos, especialmente da electricidade, cun incremento en relación ao ano 2008 do 69%, afecta á existencia dunha maior porcentaxe de persoas en situación de carencia material. O **cadro 4.2.5.** amosa que o incremento do prezo da enerxía para os consumidores domésticos en España nos últimos anos é moi superior ao incremento medio da UE-28, en tanto que no caso do gas é superior a partir do ano 2013. Cómpre mencionar que en 2014, segundo os datos da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE, o 34,4% da poboación galega non tiña capacidade para afrontar gastos imprevistos (933.350 persoas) e o 20,8% (564.916 persoas) non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.

Outro aspecto fundamental, directamente relacionado coa pobreza e exclusión social, son as dificultades para acometer os pagamentos de gastos relacionados coa vivenda principal, hipoteca ou aluguer. Asociado ao retraso ou imposibilidade de pago de gastos hipotecarios, o INE ofrece datos de certificacións de execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade. No ano 2015 iniciáronse un total de

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-28 2008-15

(1)



(1) prezo base 2008=100
Fonte: EUROSTAT

4.2.5.

2.527 execucións hipotecarias sobre o total de fincas (un 25,5% menos que no ano anterior), das que 1.217 corresponden a execucións sobre vivendas, o que supón un 30,5% menos que no ano 2014. Máis do 90% das execucións hipotecarias sobre vivendas iniciadas en Galicia no ano 2014, correspóndense con vivendas de segunda man, sendo en máis do 60% dos casos, o seu titular unha persoa física.

Galicia é a novena Comunidade Autónoma con maior número de execucións hipotecarias iniciadas e inscritas no ano 2014, ascendendo ao quinto posto no listado de Comunidades onde esas execucións descendieron máis, esta caída en Galicia do 25,5% foi moi superior ao descenso medio no conxunto do Estado que foi do 15,5%.

● Pobreza

Na actualidade existe un consenso na idea

de que a pobreza é un fenómeno multidisciplinar, que non pode ser analizado, en exclusiva, dende un punto de vista dos ingresos dos fogares, senón tamén dende ámbitos como a vivenda, a saúde, as relacións sociais entre outros.

Atendendo tan só ao indicador monetario de renda dos fogares, a taxa de risco de pobreza defínese como a porcentaxe de persoas que viven en fogares cunha renda total equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, isto é, inferior ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Tal e como se reflicte no **cadro 4.2.6.**, esta taxa sitúase no ano 2014, segundo datos da ECV 2015, en Galicia no 19,4%, case tres puntos porcentuais inferior á taxa media para o conxunto do Estado, fronte ao 15,4% do ano anterior. O descenso das rendas medidas percibidas polas persoas e fogares galegos, así como a caída na renda media por unidade de con-

sumo, explican, en parte, esta maior taxa de risco de pobreza.

En relación ao resto das Comunidades Autónomas, Galicia empeora a súa posición relativa situándose como a décima Comunidade con menor taxa de risco de pobreza, cando a 31 de decembro de 2013 había só tres CC.AA. con menor taxa.

A taxa de risco de pobreza monetaria, non ten en conta información sobre a intensidade da mesma nin o seu carácter multidisciplinar. Nesta liña, a Comisión Europea estableceu un indicador para identificar aos pobres ou excluídos combinando o criterio monetario con outros indicadores que incorporan a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria –definida como a porcentaxe de persoas que están por debaixo do limiar de pobreza–, como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos; unha semana de vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

A 31 de decembro de 2014, segundo o indicador AROPE, o 25,7% da poboación galega atopábase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo esta porcentaxe 2,9 puntos inferior á media estatal. Como amosa o **cadro 4.2.7.**, mentres que

no conxunto do Estado a porcentaxe de persoas que se atopa nunha situación de risco ou exclusión social medra de xeito continuado dende o ano 2007, e diminúe no último ano 2014, en Galicia o AROPE descende ata o ano 2010 (21,0%) e novamente no ano 2013 (23,8%), para aumentar ata o sinalado 25,7% no ano 2014.

Comparado co resto das CC.AA., Galicia atópase nunha situación intermedia, sendo a novena Comunidade coa taxa máis elevada.

Desagregando esta taxa entre os seus compoñentes, Galicia segue amosando unha situación máis favorable en relación á media estatal. Dunha banda, o devandito **cadro 4.2.6.** reflicte que o 4,2% da poboación atópase nunha situación de privación material severa, o que a sitúa como a sexta Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida (6,4% no conxunto do Estado), e que o 13,8% das persoas menores de 59 anos vive en fogares con baixa intensidade no traballo, 1,6 puntos por baixo da media estatal, situándose como a sétima Comunidade coa porcentaxe máis reducida.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a distribución provincial da pobreza non é homoxénea nin xeográfica nin demograficamente. Segundo os datos da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) presentados polo IGE, a provincia de Pontevedra ten unha taxa de risco de pobreza e exclusión social 3,4 puntos superior á media galega, situándose no 25,5%, por diante de Ourense, con 22,9%. Por contra, Lugo e A Coruña, manteñen unhas taxas inferiores á media, sendo Lugo a que presenta a menor taxa, cun 19,1% da súa poboación en situación de risco ou exclusión social (19,9% en A Coruña). No último ano obsérvanse melloras nas taxas de risco de pobreza (EU2020) nas provincias de A Coruña e Ourense, fronte aos empeoramentos acaecidos en Pontevedra e Lugo.

Poboación en risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) nas CC.AA. 2013-14: distribución segundo os seus compoñentes ⁽¹⁾


	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social		En risco de pobreza		Con carencia material severa		Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (0-59 anos)	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	($\%$)							
Andalucía	42,3	43,2	33,3	35,7	9,5	8,0	27,4	24,9
Aragón	20,7	17,7	16,9	14,4	4,2	2,2	10,5	6,9
Asturias	23,4	24,2	16,7	16,7	5,1	6,9	18,0	16,4
Baleares	23,8	26,3	17,9	21,7	9,8	7,7	7,5	8,4
Canarias	37,0	37,9	27,6	28,5	7,2	12,4	28,1	20,8
Cantabria	27,4	20,4	20,6	14,9	3,5	3,5	18,4	15,5
Castela-A Mancha	36,9	36,7	28,4	28,5	8,7	8,5	14,9	15,6
Castela e León	26,1	23,3	20,4	18,3	2,6	2,3	17,7	16,5
Cataluña	21,8	19,8	15,8	13,9	6,3	6,7	12,0	8,8
C. Valenciana	34,7	32,9	26,2	25,3	11,3	6,7	18,1	18,1
Extremadura	39,8	35,2	33,1	29,0	3,8	2,4	22,2	19,3
Galicia	23,8	25,7	15,4	19,4	5,5	4,2	14,9	13,8
Madrid	19,2	20,5	14,7	15,1	4,8	5,7	9,6	10,5
Murcia	44,9	38,8	37,2	31,8	11,8	9,0	22,2	16,1
Navarra	14,5	13,0	11,9	9,6	1,2	2,2	7,5	7,1
País Vasco	15,3	17,6	10,2	10,9	4,8	4,6	12,2	14,3
Rioxa, A	20,1	22,1	16,2	17,1	5,6	4,8	10,7	10,4
Total	29,2	28,6	22,2	22,1	7,1	6,4	17,1	15,4

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: INE, *Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2015)*. Base 2013

4.2.6.

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) e risco de pobreza en Galicia e España 2007-14 ⁽¹⁾⁽²⁾



(1) A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que se atopa nalguna das seguintes situacións: risco de pobreza, carencia material severa ou vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos);

.- Risco de pobreza: por debaixo do limiar de pobreza, fixado no 60% da mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo das persoas (despois das transferencias sociais e sen imputar vivenda);

.- Carencia material severa: persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos, unha semana de vacacións fora da casa, pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas..., unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente, ao menos cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno, lavadora, televisión en cor, teléfono e coche;

.- Baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos): persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior.

(2) datos a 31 decembro

Fonte: INE, *Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2015)*. Base 2013

4.2.7.

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2013-14 ^{(1) (2)}

	2013	2014
	(%)	
Total	22,83	22,11
A Coruña	22,27	19,95
Lugo	18,03	19,15
Ourense	23,08	22,86
Pontevedra	25,14	25,48
Nacionalidade	22,83	22,83
Española	22,12	21,34
Estranxeira	61,58	52,98
Fogares con ou sen nenos a cargo	22,83	22,11
Fogares con nenos a cargo	25,00	23,96
Un adulto con nenos a cargo	57,54	52,05
Dous adultos con nenos a cargo	23,41	22,93
Dous adultos con un neno a cargo	19,21	20,52
Dous adultos con dous o máis nenos a cargo	26,97	24,89
Tres ou máis adultos con nenos a cargo	23,06	21,42
Fogares sen nenos a cargo	20,86	20,48
Un adulto sen nenos a cargo	26,02	23,36
Dous adultos sen nenos a cargo	21,09	19,79
Tres ou máis adultos sen nenos a cargo	18,50	20,15
Fogares segundo tipoloxías	22,83	22,11
Unipersoal	26,02	23,36
Sen núcleo	24,16	27,16
Parella con fillos	21,45	21,67
Parella sen fillos	17,98	15,47
Monoparental	40,33	40,30
Un núcleo e outros	21,66	22,22
Varios núcleos	21,70	16,19

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalguna das seguintes situacións: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; e 3) persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo

(2) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.8.

Asemade, dentro da provincia de Pontevedra, obsérvanse tamén claras diferenzas entre a taxa media da zona nororiental (18,4%) e a da zona sur, que acada a taxa máis elevada de toda Galicia, de xeito que case 33 de cada 100 habitantes desta área están en situación de risco de pobreza ou exclusión social (**cadro 4.2.9.**).

Existen outras variables que determinan a situación de maior ou menor risco de pobreza da poboación. Por unha banda a idade, así, ao igual que o observado a nivel español ou europeo, a poboación galega entre 16 e 24 anos é a máis exposta á pobreza, de xeito que o 31,3% destas persoas estarían en risco de pobreza, sendo dita por-

centaxe do 28,4% para as persoas de entre 50 e 64 anos, sendo este último o único intervalo de idade que no ano 2014 incrementa a poboación en situación de risco.

Doutra banda, tal e como recolle o citado **cadro 4.2.8.**, o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais, situándose no 53% para a poboación estranxeira fronte ao 21,3% para a española.

A tipoloxía do fogar, así como o feito de que existan ou non cargas familiares, determina tamén, en grande media, o risco de pobreza. Neste senso, o 52% dos fogares galegos compostos por un adulto con nenos a

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2007-14: distribución segundo áreas

	2007	2014
	(%)	
Total	14,63	22,11
A Coruña	11,71	19,95
A Coruña suroccidental	18,97	19,21
Ferrol-Eume-Ortega	13,24	19,95
Área da Costa da Morte	14,97	28,45
A Barbanza-Noia	15,21	19,91
Área da Coruña	8,29	17,92
Área de Santiago	10,58	18,69
Lugo	15,79	19,15
Lugo sur	18,80	28,88
Lugo oriental	12,88	20,04
Lugo central	16,02	16,85
A Mariña	14,76	17,48
Ourense	19,08	22,86
O Carballiño-O Ribeiro	17,83	26,67
Ourense central	17,35	21,94
Ourense sur	27,41	30,44
Área de Ourense	14,78	17,61
Pontevedra	16,15	25,48
Pontevedra noroccidental	16,72	18,44
Pontevedra sur	24,74	33,35
Caldas-O Salnés	15,51	29,00
O Morrazo	14,59	24,22
Área de Pontevedra	13,23	23,91
Área de Vigo	15,22	24,07

Fonte: IGE, Enquisa estrutural a fogares

4.2.9.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2013-14: distribución segundo sexo e grupos de idade ⁽¹⁾

	2013			2014		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(%)					
Total	22,98	22,69	22,83	22,24	21,98	22,11
Menos de 16 anos	26,56	23,34	25,00	23,13	25,15	24,11
De 16 a 24 anos	34,60	29,40	32,06	31,23	31,35	31,29
De 25 a 49 anos	23,66	24,92	24,29	23,79	21,85	22,82
De 50 a 64 anos	25,82	27,40	26,63	27,39	29,4	28,42
De 65 ou máis anos	11,90	13,85	13,02	10,37	12,49	11,58

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IGE, Enquisa estrutural a fogares

4.2.10.

cargo están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo os fogares monoparentais, co 40,3%, os que presentan unha maior taxa de pobreza.

• Desigualdade

O incremento das desigualdades sociais, consecuencia directa da crise económica e

da perda de emprego, pódese observar na evolución do coeficiente de Gini e da distribución da renda (**cadro 4.2.11.**) O coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 se corresponde coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e onde o valor 1 se corresponde coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún).

Desigualdade en Galicia e España 2009-14: Índice de Gini e distribución da renda S80/20 ⁽¹⁾

Índice de Gini (2)							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	0,272	0,278	0,278	0,276	0,283	0,286	0,283
A Coruña	0,272	0,277	0,282	0,276	0,286	0,291	0,279
Lugo	0,284	0,276	0,266	0,268	0,278	0,264	0,274
Ourense	0,279	0,288	0,271	0,264	0,277	0,274	0,277
Pontevedra	0,261	0,274	0,276	0,280	0,279	0,288	0,289
España	0,329	0,335	0,340	0,342	0,337	0,347	0,346

Distribución da renda S80/S20 (3)							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	4,02	4,13	4,16	4,21	4,47	4,51	4,45
A Coruña	4,02	4,14	4,22	4,22	4,53	4,64	4,34
Lugo	4,17	4,11	3,91	3,93	4,27	3,95	4,23
Ourense	4,18	4,34	3,98	3,93	4,39	4,22	4,27
Pontevedra	3,79	4,03	4,16	4,35	4,39	4,58	4,62
España	5,90	6,20	6,30	6,50	6,30	6,80	6,90

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo este o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

Fonte: IGE e INE

● 4.2.11.

A 31 de decembro de 2014 o valor do índice de Gini sería en Galicia do 0,283, fronte ao valor do 0,346 para España, o que reflicte unha distribución da renda máis igualitaria para Galicia en comparación co valor medio estatal.

Outra forma de medir a desigualdade é a través da distribución da renda S80/S20, calculada como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra, dende o ano 2008, o primeiro descenso no ano 2014, así a 31 de decembro de 2014 Galicia presenta un valor de 4,45, o que indica que os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son case catro veces e media superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre (6,9 veces de media a nivel estatal).

A nivel provincial, as catro provincias presentan un grado de desigualdade inferior á media estatal, sendo Pontevedra a que

amosa unha maior desigualdade na distribución da renda (4,62).

Dependencia e discapacidade

No conxunto do Estado español, e, en maior medida, en Comunidades Autónomas como Galicia, o reto ao que se enfronta o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) é o de cubrir as necesidades das persoas dependentes, nun contexto de envellecemento demográfico e de incremento da demanda de benestar.

Os avances acadados nos tres primeiros anos de funcionamento do SAAD, ralentiúzanse a partir do ano 2011 e podemos falar de estancamento do sistema a partir do ano 2013, como consecuencia da falla de recursos económicos, unha ralentización que se plasma no retraso na entrada no sistema dos beneficiarios de grao I, no descenso na intensidade de contía das prestacións e na redución da contía de nivel mínimo.

Dependencia en Galicia e España 2014-15: principais indicadores ⁽¹⁾

	2014			2015		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	81.101	1.594.692	5,1	79.244	1.610.714	4,9
Ditámenes	79.262	1.523.494	5,2	76.654	1.504.550	5,1
Beneficiarios con dereito a prestación	53.881	893.722	6,0	65.495	1.180.435	5,5
Grado III	23.302	352.676	6,6	23.132	349.795	6,6
Grado II	25.367	436.523	5,8	24.474	449.360	5,4
Grado I	5.212	104.523	5,0	17.889	381.280	4,7
Beneficiarios con prestación	39.004	745.720	5,2	41.823	796.109	5,3
Prestacións	41.938	929.983	4,5	45.642	997.984	4,6
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	567	23.310	2,4	1.980	29.461	6,7
Teleasistencia	1.225	115.570	1,1	1.667	140.252	1,2
Axuda a domicilio	11.107	132.597	8,4	12.340	147.748	8,4
Centros de día/noite	5.731	73.293	7,8	6.112	84.462	7,2
Atención residencial	7.317	135.346	5,4	7.647	148.382	5,2
P.E. vinculada servizo	5.046	73.636	6,9	4.822	83.734	5,8
P.E. coidados familiares	10.865	374.348	2,9	10.989	360.505	3,0
P.E. Asist. persoal	80	1.883	4,2	85	3.440	2,5
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,08	1,25		1,09	1,25	

Grado III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grado II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grado I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IMSERSO, Sistema para la autonomía y atención a la dependencia

● 4.2.12.

A intensidade do servizo de promoción da autonomía persoal quedou recentemente modificada polo Real Decreto 291/2015, de 17 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de diciembre, por el que se regulan las prestaciones del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia, establecidas en la Ley 39/2006, de 14 de decembro.

A finais de 2015, o número de solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia rexistradas en Galicia foi de 79.244, un 2,3% menos que no ano anterior, o que representa o 4,9% das solicitudes no conxunto do Estado. Unha tendencia descendente estable dende fai anos, a medida que as persoas posibles beneficiarias, solicitan a súa valoración. En relación á poboación empadroadada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 2,9% da poboación da CCAA, fronte ao 3,45% de media no Estado.

Unha vez recibidas as solicitudes, as autoridades competentes, teñen a obriga de emitir unha valoración nun prazo de seis meses. No ano 2015, a diferenza entre solicitudes e ditames é de 2.590, que se corresponde coa lista de agarda de valoración.

Tal e como se deduce do **cadro 4.2.12.**, en Galicia no ano 2015 teñen dereito a prestación un total de 65.495 beneficiarios, o que representa o 85,4% das solicitudes ditaminadas, cifra que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma tras Murcia, con maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas (78,4% no Estado).

Os datos de 2015 mostran a existencia en Galicia de 23.132 persoas recoñecidas como grandes dependentes, un colectivo que nos últimos anos ve reducido o seu número, como consecuencia, en parte, do endurecemento das condicións para o seu recoñecemento. O número de beneficiarios con

prestación de Grado II, ou dependencia grave, ascendeu a 24.474, tamén inferior ao de anos anteriores.

Unicamente o Grado I, afectación moderada, incrementa o número de beneficiarios rexistrados, con 17.889, fronte aos 5.212 do ano anterior. Un aumento que compensa o descenso dos grados II e III.

Galicia é a terceira Comunidade Autónoma, tras Canarias e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grado III en relación ao total de solicitudes ditaminadas, acadando un 30,2% sobre o total de beneficiarios, así como a sexta, tras Andalucía, Baleares, Cataluña, Cantabria e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grao II sobre o total, un 31,9%. O peso dos beneficiarios cunha dependencia moderada representaría un 23,3%, estando, neste caso, por debaixo da media estatal (25,3%).

Despois da valoración do grado de dependencia, o paso seguinte é o establecemento e a asignación, mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA). No que atinxe aos PIA, o número total de beneficiarios volve a aumentar no ano 2015 para situarse a 31 de decembro en 41.823, o 5,3% dos beneficiarios totais estatais. Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 1,5%, por baixo da media estatal (1,7%).

No ano 2015 increméntanse o número de prestacións concedidas ás persoas valoradas como dependentes, situándose nas 45.642 prestacións, un 8,8% máis que no ano anterior, o que supón o 4,6% das prestacións en España. Deste xeito, o número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,09 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,25 prestacións por beneficiario.

A relación entre o número de persoas cunha valoración positiva para acceder ás presta-

cións (65.495) e o número de persoas que recibiron unha prestación (41.823) mostra a existencia de 23.672 dependentes recoñecidos e non atendidos polo sistema. O 36,1% das persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións non están atendidas polo sistema, porcentaxe que ero do 27,6% no ano anterior.

A Lei de dependencia (artigo 14), establece a prioridade das prestacións consistentes en servizos sobre as económicas. Sen embargo, o aínda limitado desenvolvemento do sistema provoca que o 35% (45% no Estado) das prestacións sexan de tipo económico (prestacións económicas vinculadas ao servizo, por cuidados familiares e por asistencia persoal). Galicia é a terceira CCAA con menor porcentaxe de prestacións económicas, tras Madrid (30,2%) e Andalucía (34,2%).

Tal como se sinala no **cadro 4.2.12.**, entre as prestacións por servizos, salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio (27% e Galicia e 14,8% no Estado), a máis elevada de todas as CCAA. Salienta igualmente, a reducida importancia relativa en Galicia da teleasistencia, que supón tan só o 3,6% das prestacións, lonxe do 14% en España.

Outra das necesidades básicas das persoas en situación de dependencia é a existencia de suficientes prazas residenciais en centros específicos. Segundo os datos publicados polo Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), no seu informe sobre envellecemento de setembro de 2015, datos recollidos no **cadro 4.2.13.**, Galicia conta con 294 residencias, e 20.048 prazas residenciais. O 51% dos centros residenciais en Galicia teñen menos de 50 prazas, porcentaxe semellante á media estatal. En Galicia localízanse o 5,6% do total de prazas residenciais existentes en España.

Dos ditos 294 centros residenciais existentes en Galicia no 2015, o 79% son de titula-

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2015 ⁽¹⁾

	Privadas		Privada sen fin de		Pública autonómica		Pública local		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Residenciais										
Galicia	165	9.907	68	5.852	43	3.706	18	583	294	20.048
A Coruña	52	3.303	11	1.379	17	1.599	2	41	82	6.223
Lugo	24	1.817	13	1.217	10	732	3	52	50	3.818
Ourense	44	1.960	33	2.325	9	499	10	371	96	5.143
Pontevedra	45	2.827	11	931	7	876	3	119	66	4.753
Centros de día										
Galicia	101	3853	10	387	68	2595	10	369,0	189	7.204,0
A Coruña	38	1.489	5	195	26	1.129	4	150	73	2.963
Lugo	11	563	1	19	14	470	3	113	29	1.165
Ourense	9	298	2	103	11	351	2	26	24	778
Pontevedra	43	1.503	2	70	17	645	1	80	63	2.298

(1) datos a setembro de 2015

Fonte: CSIC Envejecimiento en Red (2015)

4.2.13.

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2008-15 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia / España
			(%)
2008	2.484	42.910	5,8
2009	6.053	100.423	6,0
2010	8.752	150.566	5,8
2011	8.206	173.424	4,7
2012	2.316	23.933	9,7
2013	1.737	16.736	10,4
2014	1.393	13.553	10,3
2015	1.110	11.189	9,9

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimotercera do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extingúranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridade Social

4.2.14.

ridade privada, así como o 78,6% das prazas totais. Galicia con 4.289 prazas residencias con financiamento público, acolle o 4,4% do total estatal de prazas públicas.

A porcentaxe de prazas residenciais públicas sobre o total en Galicia acada o 20,6%, por debaixo da media estatal (27,1%), situándose como a cuarta Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe, por diante de Cantabria, Murcia e Cataluña.

A rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 anos ou máis é de 4,19 de

media en España; dita rateo en Galicia é só de 3,06 prazas, baixando ata o 2,39 en Pontevedra ou o 2,4 na Coruña. Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cunha rateo máis baixa, por diante de Canarias (2,22), Murcia (2,24), Comunidade Valenciana (2,91) e Andalucía (2,95).

No que respecta aos Centros de día, das 7.207 prazas existentes en Galicia o 58,8% son de titularidade privada. Sendo salientable que máis do 40% das prazas con financiamento público están localizadas na provincia de A Coruña.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2015 ⁽¹⁾

	Galicia					España	G / E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		(%)
C. indefinidos persoas con discapacidade	508	212	66	47	183	8.120	6,3
Homes	325	135	48	26	116	4.938	6,6
Mulleres	183	77	18	21	67	3.182	5,8
Xornada completa	319	130	41	28	120	4.753	6,7
Xornada parcial	163	77	15	17	54	2.802	5,8
Fixos discontinuos	26	5	10	2	9	565	4,6
C. temporais persoas con discapacidade	1.160	454	141	93	472	20.706	5,6
Homes	698	253	95	62	288	12.582	5,5
Mulleres	462	201	46	31	184	8.124	5,7
Xornada completa	636	239	85	58	254	11.907	5,3
Xornada parcial	524	215	56	35	218	8.799	6,0
12 meses	1.129	446	131	91	461	19.910	5,7
de 12 a 18 meses	24	8	8	1	7	656	3,7
de 18 a 24 meses	2	-	-	-	2	71	2,8
máis de 24 meses	5	-	2	1	2	69	7,2
Prórroga contratos temporais	91.459	32.994	9.695	8.497	40.273	1.972.296	4,6
Prórroga a persoas con discapacidade	567	227	65	61	214	11.189	5,1
Contratos convertidos en indefinidos	24.167	10.615	2.892	2.226	8.434	478.705	5,0
a persoas con discapacidade	209	98	16	19	76	3.812	5,5
C. Temporais a persoas discapacidade	124	59	11	9	45	2.445	5,1
C. Indefinidos bonificados	2.664	1.109	357	290	908	47.022	5,7
A persoas con discapacidade	832	396	85	73	278	14.913	5,6

(1) datos acumulados a 31/12/2015

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

4.2.15.

No concernente ao persoal encargado do coidado das persoas dependentes, cómpre destacar o papel dos coidadores non profesionais, que, en termos de Seguridade Social, son aqueles que sexan designados como tales no PIA e cumpran as condicións legalmente previstas. O **cadro 4.2.14.** amosa que o número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia continúa descendendo en 2015 para situarse nas 1.110 persoas, o 9,9% do total estatal, catro décimas menos que no ano anterior.

No que respecta á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade (**cadro 4.2.15.**), no ano 2015 asináronse en Galicia un total 508 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, dos que 319 son a xornada completa. Os contratos temporais a persoas con discapacidade foron 1.160. De cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 12,6 corresponden a persoas con discapacidade (7,9

contratos no conxunto do Estado), e de cada 10.000 contratos temporais 14,2 son de persoas con discapacidade (12,1 en España).

Familia e infancia

No que respecta ás familias e modelos familiares, a 31 de decembro de 2014, tal como reflicte o **cadro 4.2.16.**, un 33% dos fogares galegos estaban constituídos por parellas con fillos, fronte ao 35,2% do ano 2008, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 23,6%, e dos fogares unipersoais, co 21%. A porcentaxe de fogares monoparentais é do 9,9% do total de fogares galegos en decembro de 2014, o que supón que existen 105.009 fogares monoparentais nese ano, 16.906 máis que en 2008.

Dende o ano 2008, a porcentaxe de parellas con fillos sobre o total de fogares, descende paulatinamente, dende o 35,21% no ano

Fogares 2008-14: tipoloxías segundo o tamaño do concello ⁽¹⁾

	< 10.000 hb.	Entre 10.000 e 20.000 hb	Entre 20.000 e 50.000 hb.	>50.000 hb	Total
Unipersoal					
2008	23,2	17,5	16,8	18,9	19,6
2014	22,0	19,2	16,5	22,8	21,0
Sen núcleo					
2008	3,2	1,7	1,5	2,9	2,6
2014	3,0	1,2	1,1	2,2	2,1
Parella con fillos					
2008	27,9	38,5	39,6	38,0	35,2
2014	27,4	35,4	39,0	34,2	33,0
Parella sen fillos					
2008	21,3	21,6	23,0	20,7	21,4
2014	23,7	22,9	23,6	23,9	23,6
Monoparental					
2008	7,2	7,7	7,9	10,6	8,6
2014	8,9	10,4	10,0	10,5	9,9
Un núcleo e outros					
2008	11,6	8,6	7,4	6,2	8,5
2014	10,1	7,4	6,6	4,6	7,1
Varios núcleos					
2008	5,7	4,4	3,9	2,6	4,0
2014	5,1	3,5	3,1	1,9	3,3

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.16.

Familias numerosas 2014 ⁽¹⁾

	Títulos expedidos			Títulos en vigor		
	Total	categoría xeral	categoría especial	Total	categoría xeral	categoría especial
Total	9.087	7.977	1.110	19.081	17.564	1.517
A Coruña	3.857	3.374	483	7.956	7.343	613
Lugo	735	678	57	1.711	1.616	95
Ourense	749	668	81	1.713	1.549	164
Pontevedra	3.746	3.257	489	7.701	7.056	645

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, *Estatística de familias numerosas*

4.2.17.

2008 ata o 32,97% do ano 2014. De xeito contrario a porcentaxe de fogares compostos por parellas sen fillos ou fogares monoparentais acadan no ano 2014 as porcentaxes máis elevadas da serie analizada.

A tendencia demográfica en Galicia, caracterizada pola reducida fecundidade e polo forte envellecemento da poboación, reflíctese tamén na evolución da tipoloxía dos fogares, de xeito que no ano 2008 a porcentaxe de fogares unipersoais ou compostos por parellas sen fillos era do 41% do total, ascendendo esta porcentaxe ata o 44,6% no ano 2014.

No ano 2014 expedíronse un total de 9.087 títulos de familia numerosa en Galicia, dos que 1.690 corresponden a títulos novos e os restantes 7.397, a renovacións. Atendendo á súa distribución segundo categorías, 1.110 son de categoría especial, isto é, familias de cinco ou máis fillas ou fillos e as de catro fillos ou fillas cando ao menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Tamén poderán incluírse nesta categorías as familias con catro fillos ou fillas con ingresos inferiores ao 75% do IPREM vixente. A 31 de decembro de 2014, existían en Galicia 19.081 títulos de familia numerosa en vigor.

Solicitudes de adopción nacional e internacional 2014-15

2014					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Adopcións nacionais					
solicitudes abertas	180	73	15	20	72
resolucións de acollemento preadoptivo	50	21	2	13	14
propostas de adopción realizadas	52	16	3	5	28
autos de adopción producidos	33	9	4	5	15
Adopcións internacionais	90	58	12	5	15

2015					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Adopcións nacionais					
solicitudes abertas	130	52	8	21	49
resolucións de acollemento preadoptivo	43	9	3	21	10
propostas de adopción realizadas	45	12	1	17	15
autos de adopción producidos	30	6	1	8	15
Adopcións internacionais	77	46	7	7	17

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

● **4.2.18.**

Escolas infantís 2015: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Prazas		
		poboación 0-3 anos	prazas / poboación (prazas / 100 hab.)	
Iniciativa pública	233	14.970	81.235	18,4
A Coruña	107	7.182	34.551	20,8
Lugo	30	1.649	8.718	18,9
Ourense	19	1.184	7.681	15,4
Pontevedra	77	4.955	30.285	16,4
Iniciativa privada con ánimo de lucro	202	9.959	81.235	12,3
A Coruña	93	4.562	34.551	13,2
Lugo	16	680	8.718	7,8
Ourense	25	1.065	7.681	13,9
Pontevedra	68	3.652	30.285	12,1
Iniciativa social	63	3.676	81.235	4,5
A Coruña	26	1.518	34.551	4,4
Lugo	3	113	8.718	1,3
Ourense	4	99	7.681	1,3
Pontevedra	30	1.946	30.285	6,4
Total	498	28.605	81.235	35,2
A Coruña	226	13.262	34.551	38,4
Lugo	49	2.442	8.718	28,0
Ourense	48	2.348	7.681	30,6
Pontevedra	175	10.553	30.285	34,8

Fonte: Consellería de Política Social

● **4.2.19.**

En torno ao 70% das persoas titulares dos títulos de familia numerosa expedidos no ano 2014 en Galicia, están en activo, 6.041 títulos, fronte ao 16,8% correspondente a unha persoa desempregada (1.531 títulos) ou un 12,9% que non ten actividade laboral (1.173 títulos).

No que respecta ás solicitudes de adopcións internacionais e nacionais abertas en Galicia, no ano 2015 mantense a tendencia decrecente no seu número, observada no ano anterior. As solicitudes de adopción nacional abertas en Galicia no ano 2015 foron 130 fronte ás 180 do ano anterior.

No caso das adopcións internacionais, continúa a tendencia claramente descendente dos últimos anos, acadando en 2015 as 77 solicitudes, o nivel máis reducido da serie estatística dispoñible. Como reflicte o **cadro 4.2.18.**, eses descensos das solicitudes de adopción realizadas rexístranse en todas as provincias galegas, agás en Ourense.

No que á infancia se refire, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís, que ofertaban case 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente. O descenso da natalidade e da poboación de 0 a 3 anos, así como un aumento no número de prazas (en torno a 600 prazas máis no ano 2015), e centros (cinco máis que no ano anterior), permite un incremento xeneralizado da rateo prazas/poboación.

Violencia e maltrato

Un indicador do nivel de benestar social é, sen dúbida, a incidencia dos distintos tipos de violencia, en especial, a violencia de xénero, definida como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exercece sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

O número de chamadas pertinentes realiza-

das en Galicia ao 016 –teléfono que ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuito e universal– acadou no ano 2015 o valor máis elevado dende que se puxo en funcionamento o servizo, acadando as 3.715 chamadas, un 28% máis que no ano anterior, das que 2.669 foron realizadas polas propias usuarias (29% máis que en 2014) e 975, por familiares ou persoas achegadas (28,6% máis).

O número de denuncias realizadas no último ano mantense estable respecto ao ano anterior, rexistrándose un total de 5.210 denuncias, o 4% do total estatal. Atendendo á súa orixe, a meirande parte corresponde a atestados policiais con denuncia da vítima, con 3.665 denuncias (o 4,4% das rexistradas en España), seguido dos partes de lesións (763) e polas presentadas directamente pola vítima, con 399 (7,6% do total do conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2015 Galicia rexistrou oito mortes por violencia de xénero, a cifra máis alta dende o ano 2003, primeiro da serie estatística, o que representa o 13,3% do total de casos rexistrados en toda España no mesmo ano. Respecto ao anterior, o ano 2015 rexistrou dúas vítimas mortais máis que no ano precedente.

No que respecta aos dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia, o **cadro 4.2.20.** mostra que os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero ascenderon no último ano a 37, un 42% máis que no ano anterior, o que representa o 4,4% do total estatal. Asemade, o número de mulleres perceptoras da Renda Activa de Inserción mantense estable no ano 2015, con 1.303 preceptoras (8 menos que no ano anterior), o que supón o 3,8% das perceptoras en España.

Os programas e actuacións dirixidas á atención a menores en situación de desprotec-

Violencia de xénero en Galicia e España 2015

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G / E (%)
Chamadas pertinentes	3.715	919	499	318	1.979	81.992	4,5
Usuarías	2.669	705	349	222	1.393	58.284	4,6
Familiars/achegados	975	202	140	87	546	21.470	4,5
Outros	66	12	10	7	37	2.047	3,2
Axudas concedidas	60					620	9,7
Axudas cambio residencia	164	82	12	25	45	3.632	4,5
Contratos bonificados	37	17	8	1	11	836	4,4
Contratos de substitución	24	22	1	-	1	171	14,0
Número de denuncias	5.210	1.925	535	505	2.245	129.193	4,0
Presentadas directamente vítima	399	100	34	23	242	5.238	7,6
Presentadas directamente familiares	1	1	-	-	-	1.504	0,1
Atestado policial con denuncia vítima	3.665	1.358	412	432	1.463	83.667	4,4
Atestado policial con denuncia familiares	84	60	4	1	19	1.595	5,3
Atestado policial. Intervención directa policía	214	115	35	37	27	20.131	1,1
Parte de lesiones	763	289	45	12	417	14.575	
Servizos asistencia a terceiros	84	2	5	-	77	2.483	3,4
Dispositivos electrónicos							
Instalacións acumuladas	95	30	13	10	42	3397	2,8
Desinstalacións acumuladas	73	23	13	8	29	2600	2,8
Dispositivos activos	22	7	0	2	13	797	2,8
Perceptores de Renda Activa de Inserción	1.303	540	176	175	412	34.695	3,8
Seguemento integral	2.934	1.233	455	352	894	52.005	5,6
Casos con protección policial	956	468	143	72	273	16.613	5,8
Usuarios ATENPRO (1)	436	259	32	25	120	10.887	4,0
Vítimas mortais	8	1	-	1	6	60	13,3
Convivencia	5	1	-	1	3	40	12,5
Non convivencia	3	-	-	-	3	20	15,0

(1) servizo telefónico de atención e protección

Fonte: Delegación del Gobierno para la violencia de género

● 4.2.20.

ción social, no ámbito autonómico, son, entre outros os seguintes:

- Atención a menores en centros de protección: Este programa ten por finalidade prestar atención nunha institución a aqueles menores que necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso.

A 31 de decembro de 2014 tiñan actividade 7 centros de titularidade pública e 68 centros concertados dependentes de entidades colaboradoras de iniciativa social. Os centros públicos contaban con 297 prazas de internado e 46 de atención de día. Os menores atendidos en centros

proprios no ano 2014 foi de 343 (297 en réxime de internado e 46 en réxime de atención de día), e nos centros propios de xestión concertada atendéronse 42 menores en réxime de internado e 10 en réxime de atención de día. O orzamento para a atención de menores en centros propios foi de 7,8 millóns de euros.

Os centros concertados atenderon a 1.039 menores en réxime de internado e 474 en réxime de atención de día. O orzamento para este servizo foi de 15,8 millóns de euros.

- Acollemento familiar: Este é un recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se

atopan privados dunha axeitada atención, e que consiste en confiar o coidado do menor a unha persoa ou familia que reúna as condicións necesarias. Os acollementos poden ser remunerados ou non. O orzamento establecido para este programa no ano 2014 foi de 2,9 millóns de euros. En Galicia no dito ano 2014 acolléronse a este programa 1.326 menores.

simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para un menor. O número de profesionais con acceso á aplicación, tanto no ámbito policial como educativo, foi de 2.068 persoas, sendo 15 o número de notificacións rexistradas en 2014. 

- Programa Mentor: Recurso mediante o que proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados, ou en garda pola Administración autonómica, co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente. No ano 2014 a poboación sobre a que incidiu o programa estivo formada por 459 mozos e mozas cos que se desenvolveron accións encamiñadas a súa inserción laboral. O orzamento deste programa foi de 1,5 millóns de euros.

- Programa de Integración Familiar (PIF): Programa de intervención con menores e as súas familias, co obxecto de acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial. No ano 2014 foron atendidos 365 nenos e 212 familias. O orzamento establecido para este programa foi de 0,58 millóns de euros.

- Teléfono da infancia (116111): Liña gratuíta de atención, apoio e escoita a menores, así como de denuncia de situacións de malos tratos á infancia. No ano 2014 atendéronse en Galicia 1.275 chamadas, das que o 50% estaban dirixidas a obter asesoramento ou información.

- Rexistro Unificado de Malos Tratos (RUMI): Este é un instrumento informático de rexistro e notificación e maltrato infantil destinado aos profesionais que

